

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 81

ano 13

marzo-abril 2019

Encadernacións (I) PAPEIS DECORADOS

A **encadernación** é unha técnica que se aplica a distintos tipos de documentos para asegurar a súa mellor conservación. A esta finalidade puramente utilitaria pódela acompañar un propósito estético aplicado aos materiais utilizados para a súa realización que poden ser papel, pel, pergamiño ou tea, fundamentalmente.

Neste número de *Fron da* aproximámonos a esta dimensión artística a través dos **papeis decorados**, unhas antigas técnicas que serviron para decorar as gardas dos libros (esas primeiras follas de cortesía que forman parte da encadernación) e que tamén se empregaron para as cubertas.

As técnicas do papel decorado xorden en Xapón no século X, onde se coñecen como *suminagashi*, e chegan a Occidente a través de **Turquía**, documentadas no século XV baixo o nome de *ebúr*. Desde aquí esténdense por toda **Europa** sendo os séculos XVII, XVIII e XIX os de maior produción. A execución destes papeis decorados irase enriquecendo co paso dos anos e cada país fará as súas propias achegas para dar lugar a distintos modelos decorativos ou patróns.


A **España** chega a mediados do século XVIII coincidindo coa introdución de gustos franceses por parte da dinastía Borbón. De tal modo, que as encadernacións máis antigas que atopamos nos arquivos españois son as tradicionais cubertas de pergamiño e gardas de papel branco, para despois popularizarse a utilización dos decorados, tanto na cuberta como nas gardas.

Nos fondos do Arquivo Histórico Provincial de Ourense pódense atopar boa parte dos modelos decorativos nos que nos deteremos máis adiante. En concreto, a aproximación a este tema fíxose a partir dos libros da Dirección Xeral de Aduanas do fondo da Delegación Provincial do Ministerio de Facenda de Ourense.

A **variedade tipolóxica** de papeis decorados que se poden atopar neste grupo de libros reflicte a evolución do seu uso en España. Así, neles emprégase pergamiño ata os anos 1810-1811 para ir deixando paso á encadernación en papel decorado que se converte en maioritaria a mediados do século XIX. Trátase de papeis de produción española nos que se empregan tres

técnicas: marmorizados, xilografados e ao engrudo.

Dentro destas técnicas atópanse case todas as variedades posibles, faltando tan só os dourados e gofrados, reservados a producións máis ricas, e no caso dos marmorizados, o grupo de Peites, que ten como punto de partida un modelo de Pingas que é manipulado mediante o paso dun peite para producir un efecto peculiar.



Encadernación de papel xilográfico policromo, século XIX, impresión en azul e rosa. Detalle da cuberta do "**Libro de asiento de guías de entrada de la aduana de A Mezquita**", ano 1847. 290 x 210 mm. AHPOu, Delegación Provincial do Ministerio de Facenda en Ourense, libro 1260.

Os papeis marmorizados

Os **papeis marmorizados**, ou **papeis xaspeados** como se coñecían antigamente, reciben ese nome porque en orixe buscaban imitar os efectos do mármore. A técnica consiste en depositar pingas de pintura sobre auga e atrapar o deseño creado na súa superficie, por iso é polo que tamén se coñecen como **papeis de augas**.

Pódense atopar distintos tipos dos que o máis sinxelo é o modelo **Pingas** ou **Mármore**. Realízase vertendo pingas de distintas cores (normalmente pigmentos aglutinados con goma arábica, é dicir acuarelas) sobre un baño de auga densificado con goma de tragacanto, empregando tamén fel de boi, que serve para dispersar as pingas e crear o deseño. Similar a este é o modelo **Pregado Español**, aínda que aquí o que se busca é o movemento cun efecto de ondas que se consegue ao introducir o papel no baño dunha determinada forma.

O modelo **Cuncha** ou **Shell** é basicamente un patrón de Pingas, onde ás últimas cores aplicadas se lle engade un pouco de aceite, o que produce un efecto de gradación tonal en cada pinga, cuns bordos claros e un centro máis intenso. Coa adición de trementina (ou outro disolvente) ás últimas pingas de cor aplicadas conséguese a súa ruptura e a aparición de múltiples espazos en branco dando lugar ao deseño coñecido como modelo **Imperio** ou **Stormont**. Parecido a este é o modelo **Romántico** coa diferenza de que se engade á última cor un produto químico que cuarteja a pintura.

O modelo **Ollo de tigre** ou **Sol** é un impactante deseño que se realiza grazas ao uso dunha mestura de potasio, sosa cáustica e alume, que reacciona coa pintura, reproducindo o aspecto do iris e a pupila dun ollo. Cando o que se engade é só alume o resultado é diferente e caracterízase por crear un gran pequeno escuro, cun halo branco ao redor, que dá lugar ao modelo **Ollo de perdiz** ou **Schroetel**.

Existen moitos máis modelos e a combinación entre varios dá lugar a resultados igualmente únicos, polo que as posibilidades son infinitas.

Papeis xilográficos e ao engrudo

Entre as encadernacións de papel decorado tamén se atopan os **papeis xilográficos** e os **papeis ao engrudo**. No primeiro caso emprégase a **xilografía**, unha técnica que consiste en realizar un gravado en madeira (matriz) para despois proceder ao seu entintado e posterior impresión sobre o papel, polo que tamén se coñecen como **papeis estampados**. En Europa o seu uso comeza no século XIV para a realización de naipes e estampas relixiosas, pero progresivamente irase empregando na decoración dos papeis, sendo Francia e Italia os grandes produtores do século XVII e XVIII.

En canto á súa execución, se o motivo ten varias cores, empréganse varias matrices, unha por cada cor. A pintura normalmente componse dunha base de engrudo de amidón e cola animal mesturada con pigmentos, e

o deseño conséguese mediante a repetición do motivo elixido.

Nos **papeis ao engrudo** aplícase unha técnica na que se emprega este pegamento, composto por fariña ou amidón cocido, ao que se incorporan pigmentos para obter un tipo de pintura ou pasta coloreada que se aplica directamente sobre o papel ou cartón. Por esta razón tamén se denominan **papeis empastados** e caracterízanse pola obtención dunha cor con certa gradación tonal. O seu uso será externo, é dicir, funda-



Papel marmorizado, século XIX, modelo Pregado Español. Garda do libro de asento de declaracións de consignatarios da aduana de Verín, ano 1844, Encadernación de D. Félix Manuel Rois. AHPOu, Delegación Provincial do Ministerio de Facenda en Ourense, libro 1134.

mentalmente concíbese para realizar unha económica decoración das cubertas e o seu período de esplendor sitúase tamén nos séculos XVII e XVIII. Pero o país de referencia será Alemaña, destacando os "papeis de Herrnhut", localidade onde se estableceu a Igrexa Morava e onde as mulleres desta irmandade desenvolveron uns complexos deseños de gran calidade.

Neste tipo de papeis a súa clasificación faise en base á forma de aplicar a cor. O máis sinxelo é o tipo **Embadurnado** ou **Daubed paste paper**. Simplemente esténdese a pasta con axuda dunha brocha ou mediante esponxas ou papeis engurrados cargados de cor.

Outro tipo é o **Estirado** ou **Pulled paste paper**, consistente en unir dous papeis, un dos cales posúe a pasta, de forma que ao separalos se crea unha sorte de ramificacións. Aínda que tamén se pode dobrar o prego de papel pola metade para obter este efecto.

Cando se utilizan peites ou outros instrumentos (mesmo os dedos) para realizar debuxos sobre a pintura o tipo resultante denomínase **Peiteado** ou **Combed paste paper**.